



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 12:31
Nº Rexistro: 1882
Data envío: 01/12/2016 12:31:05.198

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á construción dunha residencia xeriátrica no concello das Pontes.

As Pontes (A Coruña), con aproximadamente 10.500 habitantes, por mor da crise económica está padecendo unha progresiva perda de poboación moza, isto, entre outros problemas, provoca un envellecemento na súa pirámide de idade; de ser un Concello con gran peso da mocidade, agora xa a metade da súa poboación supera os 50 anos de idade, nunha tendencia que tende a incrementarse co paso de tempo e a falta de perspectivas de traballo.

Esta vila durante moito tempo, careceu de infraestruturas públicas para a atención da xente maior, agás unha casa de terceira idade e, xa máis recentemente, impulsado por unha Consellería do BNG no Goberno Bipartito na Xunta, construíuse un Centro de Día e Vivendas Interxeracionais; mais agora cumpre seguir dando pasos ante a demanda de prestacións a este sector da poboación.

Neste senso, débese ter en conta que as Residencias Públicas máis próximas a este Concello están en Cabanas e Ferrol, e os Centros Residenciais de atención a persoas maiores privados con Concerto de prazas en Narón, Vilalba ou Viveiro; calquera deles a máis de 30 quilómetros de distancia, o que dificulta as visitas das súas familias e achegad@s.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 12:31
Nº Rexistro: 1882
Data envío: 01/12/2016 12:31:05.198

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a iniciar os trámites administrativos e de dotación de fondos públicos para a construción dunha Residencia Xeriátrica Pública en As Pontes, e a tal fin xa estableza unha partida nos orzamentos da Xunta para o ano 2017.”

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 12:31
Nº Rexistro: 1882
Data envío: 01/12/2016 12:31:05.198

María Montserrat Prado Cores na data 01/12/2016 12:29:52

Olalla Rodil Fernández na data 01/12/2016 12:30:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/12/2016 12:30:15

Noa Presas Bergantiños na data 01/12/2016 12:30:20

Xosé Luis Bará Torres na data 01/12/2016 12:30:25

Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2016 12:30:29